



# SANTA INÉS

UN ESPECTÁCULO D'A FERROZ

IDEA E INTERPRETACIÓN: INÉS SALVADO / TEXTO E DIRECCIÓN: LORENA CONDE  
MÚSICA ORIXINAL: DE VACAS / VOZ EN OFF: TEREIXA NOVO  
VESTIARIO: A FERROZ / MÁSCARAS E ESCENOGRAFÍA: A MARANHA + A FERROZ  
MAQUILLAXE E PERRUQUERÍA: ALEXANDRA FRAGA VARELA  
ILUMINACIÓN: PEPE QUINTELA / SON: MANOLO DOURADO  
FOTOGRAFÍA E DESEÑO: LORENA CONDE / VÍDEO: CRISTINA F. DACOSTA  
PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN: A FERROZ + O CESTO

[aferoz.gal](http://aferoz.gal)



# SANTA INÉS

## Cía A Feroz

### SINOPSE:

Santa Inés é un espectáculo sobre a liberdade, a obediencia, a violencia, o inefable, a mística na contemporaneidade, o que un mundo de lobos agarda de nós - as añas - e, o máis importante de todo: o que nós, as añas, agardamos de nós e do mundo.

A peza parte da lembranza das visitas que Inés facía coa súa avoa ao convento das Clarisas en Compostela e daquel cadro de Santa Inés de Roma que a Madre Á. lle sinalaba para poñerlla como guía e modelo de conduta. Enlázase ese recordo que permanece aínda presente coa investigación sobre as grandes místicas e a necesidade de dar resposta a inquiredanzas espirituais universais e eternas.

### BIOGRAFÍAS:

**A Feroz** é un colectivo artístico nado para promover proxectos e accións que entendan o eido cultural como un campo de intervención aberto á cidadanía como suxeito activo.

Inicia andaina como compañía en 2017 coa ansia de levar ao palco as inquiredanzas máis fondas das persoas que a compoñen a través de procesos de traballo fondos e comprometidos nos que a arte se entende como ferramenta para representar o mundo e, así, comprendelo e comprendérense un chisco máis.

En 2018 estean **AFTERPARTY**, un espectáculo cualificado pola crítica como un “retrato xeracional” no que expoñen a súa posición a respecto dese futuro que se prometía hai décadas e que agora, cando xa é presente, se manifesta claramente moi distinto do que se supoñía.

En 2019 erguen **Santa Inés**, un monólogo intenso e estarrecedor arredor da situación das mulleres no seo do cristianismo.

En 2021 ve a luz **Do pracer e da morte** e que toma como liña de partida unha frase do texto de **AFTERPARTY**: “O pracer e a morte teñen en común o abandono” para convertela nunha radiografía con vocación universalizadora, da humanidade ante as dúas grandes ansias da súa existencia: a satisfacción das paixóns e a fragilidade da vida.

A Feroz aborda temas universais e particulares sen fuxir da fondura e o risco, mais mantendo en todo momento a pegada crítica e algo retranqueira que xa é marca da casa.

**Inés Salvado Gontad** é actriz e cantante.

Licenciada en comunicación audiovisual na USC, especialidade en guión e dirección. Graduada na escola de Artes e Oficios Mestre Mateo en Fotografía Artística e posteriormente en interpretación na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto.

Foi membro do Coro da Rá e actualmente, do Coro Encaixe, gañador do concurso televisivo Oh Happy Day! e dos Premios Martín Códax da Música no 2018.

É tamén integrante do grupo DE VACAS, galardoado nos Premios da Música Martín Códax en 2016 e premiado na II edición do Festival Territorio Violeta na Feria de Teatro de Ciudad Rodrigo en 2018.

Dende o 2006 vén estando vencellada coas artes escénicas en grupos universitarios como Enlata Teatro e posteriormente co-funda a compañía de teatro amador Farrapo Teatro, formando parte do espectáculo *Frío*, premiado no X Festival Internacional de Teatro Cale-se (Portugal) ao Mellor Espectáculo, á Mellor dirección, ao Mellor espazo sonoro, ao Mellor vestuario e Mellor escenografía.

Desde 2017 é parte da compañía profesional A Feroz, na que participa como actriz nos espectáculos *Afterparty*, *Santa Inés* e *Do pracer e Da morte*.

En 2020 e 2021 traballa como actriz no Centro Dramático Galego (CDG) na peza *O Charco de Ulises*.

**Lorena Conde** é dramaturga, directora de teatro, actriz, artista plástica, narradora e poeta.

Iníciase no teatro primeiro como actriz e despois como directora en agrupacións universitarias. Fórmase en diferentes escolas e talleres e traballa como actriz profesional en proxectos de compañías alleas e propias. Durante varios cursos leva adiante os obradoiros escénicos de diversos centros educativos e dirixe Enlata Teatro, compañía impulsada pola Facultade de Ciencias da Educación da USC. Forma parte da compañía Farrapo Teatro. É integrante da compañía Matrioshka Teatro. É co-fundadora da compañía A Feroz.

No eido das artes aplicadas e a ilustración desenvolve un labor de experimentación no seu taller, A Maranhá.

É autora dos poemarios *Entullo* (Deputación da Coruña, 2017), *O Perfil da boca* (Urutau, 2020), *As puntas da louza. Cancioneiro popular de labor* (Aira, 2021) e *Ave do Paraíso* (Apiario, 2021); da novela *Velloucas & Minchas* (Cuarto de Inverno, 2020) e dos textos dramáticos *Santa Inés* (Urutau, 2019) e *As mil vidas de Dorotea* (Cuarto de Inverno, 2020).

En 2016 gaña o XVIII Premio de poesía Miguel González Garcés con *Entullo*, o seu primeiro poemario. En 2020 gaña o III Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil coa novela *Velloucas & Minchas*, o XXXVI Premio de poesía Cidade de Ourense co poemario *As puntas da louza. Cancioneiro de labor* e o I Premio de Poesía Filomena Dato co poemario *Ave do Paraíso*.

## **FICHA TÉCNICA**

Idea e Interpretación / Inés Salvado

Texto e Dirección / Lorena Conde

Vestuario / A Feroz

[Espazo Sonoro](#) / De Vacas

Voz en Off / Tereixa Novo

Escenografía e Máscaras / A Maranha + A Feroz

Iluminación / Pepe Quintela

Sonorización / Manolo Dourado

Deseño de Maquillaxe e Peiteado / Alexandra Fraga Varela

Fotografía e Deseño Gráfico / Lorena Conde

Producción / A Feroz

Distribución / A Feroz + O Cesto

## **DURACIÓN:**

75 min.

## **CLASIFICACIÓN POR IDADE:**

Persoas maiores de 16 anos (sempre tendo en conta que o espectáculo inclúe nós).

# SANTA INÉS

Cía A Feroz

## DOSSIER DE PRENSA

[Afonso Becerra – ARTEZBLAI](#)

[Piezas de un teatro del porvenir](#)

[02/12/2019](#)

“A Feroz es un equipo formado por Lorena Conde e Inés Salvado. *Santa Inés* se nos presentó como un texto de afilada poesía, capaz de perturbarnos por sus apelaciones tanto a la mística, como al erotismo, como a la violencia patriarcal ejercida sobre las mujeres y sus cuerpos. La presentación, con Inés actuando, está a medio camino entre la performance y la instalación. En asociación con la acción verbal, la performance nos ofrece una serie de imágenes muy icónicas y de figuras alegóricas renovadas, como ese lobo con la faz de flores y el cuerpo desnudo de una mujer, o al revés, esa mujer desnuda con una máscara de lobo en flor.

*Santa Inés* tiene también momentos de auto-ficción biográfica, al recordar las visitas de la actriz, cuando era una niña, junto a su abuela, a las Clarisas y observar el enorme cuadro con la imagen de Santa Inés. A partir de ahí se citan algunas de las mujeres místicas y poetas que habitaron en conventos y que, de alguna manera, fueron apagadas por la historia. La pieza se atreve a explorar el terreno de la mística desde la sensibilidad del momento actual.”

[Zig Zag Diario - CRTVG](#)

[A feroz, compañía de teatro: "A peza 'Santa Inés' naceu dunha revelación mística"](#)

[18/12/2019 – 17:38 h](#)

“‘Santa Inés’ estréase dentro do Programa Hidelgarda, xornadas para un diálogo feminista, é unha peza que reflexiona sobre a posibilidade de conciliar unha vida espiritual e feminista ao mesmo tempo.”

[Diario Cultural - CRTVG](#)

[A compañía A Feroz estrea en Compostela 'Santa Inés'](#)

[20/12/2019 - 10:31 h](#)

“A compañía A Feroz estrea en Compostela 'Santa Inés'.

Inés Salvado protagoniza a montaxe escrita e dirixida por Lorena Conde. Unha obra que forma parte do programa 'Hildegarda. As mulleres na tradición cristiá. Xornadas para un diálogo feminista' que desenvolve toda a fin de semana.”

[Xosé Cuns en “No me pidan calma” - La Voz de Galicia](#)

[Feministas en la madriguera católica #RevueltadeMujeresenlaIglesia](#)

[03/02/2020](#)

“En los días del tuit tuve el privilegio de asistir a un ejercicio de sororidad y dialogo entre feministas ateas y cristianas en el marco del innovador programa Hildegarda: las mujeres en la tradición cristiana. Impulsado por la compañía de teatro A Feroz con el acertado apoyo del ayuntamiento de Santiago de Compostela y que se abrió con el estreno de la impresionante y necesariamente transgresora obra de teatro Santa Inés, escrita por Lorena Conde e interpretada por Inés Salvado.”